

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 07/05/2016.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María Amparo Calvo González.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D. Manuel Beceiro Couce.
D. Manuel Romero Castrillón.
D^a Silvia Fernández Muiño.
D. Eduardo Lourido Doval.

Concelleiros ausentes:

D^a Sabela Iñiguez Cinza.
D. Andrés Fernández Graña.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e un minutos do día sete de maio de dous mil dezaséis, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinteún de marzo do presente ano dous mil dezaséis. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 02/2016.

Dase conta polo Sr. Soto do expediente tramitado para a aprobación da modificación de créditos número 02/2016, coa modalidade de xeración de créditos, por ingresos derivados dun Plan de emprego aprobado pola Deputación con delegación nos concellos para as contratacións. No expediente constan os informes favorables de Secretaría-Intervención. A finalidade deste expediente é a contratación de persoas desempregadas que cumpran os requisitos indicados na

convocatoria do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial, publicado no BOP nº 75, do 21/04/16.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos nove membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Altas en aplicacións ou partidas de Gastos

Partida: grupo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
414-13100	28.500,00 €	28.000,00 €	56.500,00 €

Altas en Partidas de Ingresos

Partida: capítulo, artigo e concepto	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
461	215.000,00 €	28.500,00 €	243.500,00 €

Tanto o Sr. Lourido como o Sr. Romero amosan a súa conformidade coa proposta.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda aprobar o expediente de modificación de créditos nº 02/2016, ordeando a realización dos trámites precisos para a súa entrada en vigor coa brevidade posible.

TERCEIRO. ACORDOS RELATIVOS Á MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS NO EXERCIZO 2016.

Dase conta resumidamente polo Sr. Soto do contido das tres propostas de modificación que formula o grupo de goberno, a terceira a solicitude de Secretaría-Intervención, xa coñecidas polos membros da Corporación, que son as seguintes:

“1.- Modificación da Base 28ª, que recolle as subvencións nominativas a conceder durante o exercicio 2016, para incluír unha para a entidade “Asociación Agroecolóxica Galega A Cortiña”, por importe de 1.300 euros.

2.- Modificación da plantilla de persoal do Presuposto, para recoller a ampliación da xornada da “Axente TIC da aula da rede CeMIT”, que pasará dos 3/4, (75%) ó 100% da xornada.

3.- Acordo sobre o exercicio da función interventora, a engadir á Base 26ª, co seguinte contido literal:

“En cumprimento do previsto no artigo 219 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese no Concello de San Sadurniño o sistema de fiscalización previa limitada, co seguinte alcance: nas propostas de gastos en xeral, fiscalizaranse os seguintes extremos:

- Existencia de crédito presupostario e que o proposto é o axeitado á natureza do gasto e á obriga que se propoña contraer.

- Que as obrigas ou gastos se xeren por órgano competente.

Estes extremos serán obxecto de fiscalización en toda clase de expedientes sobre propostas de gasto en xeral, excepto os gastos de investimento do capítulo 6, respecto dos cales se exercerá unha fiscalización do expediente de contratación. Con carácter previo ós actos de aprobación ou disposición de gastos polo órgano competente, e previa incorporacion ó expediente dos informes e autorizacións necesarios, someterase a informe de Intervención cunha antelación mínima de tres días hábiles para a emisión do necesario informe de fiscalización. Cando non se dispoña deste prazo, a fiscalización limitarase á constatación da existencia de crédito presupostario suficiente e axeitado e a competencia do órgano que aproba o gasto, non asumindo máis responsabilidade que a derivada da comprobación dos extremos anteriores.

De conformidade co establecido no artigo 219 do TRLHL, non estarán sometidos a intervención previa os gastos de contratos menores, así como os de carácter periódico e os de tracto sucesivo, unha vez intervido o gasto correspondente ó período inicial do acto ou contrato de que deriven ou as súas modificacións, así como os gastos menores de 3.005,06 euros que, de acordo coa normativa vixente, se fagan efectivos mediante o sistema de anticipos de caixa fixa. En todo caso, a tramitación destes gastos requirirá a verificación da existencia de crédito presupostario disponible, suficiente e axeitado, mediante o documento contable de retención de crédito."

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos nove membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Lourido amosa a súa conformidade coas propostas de que se trata, valorando especialmente a que supón a ampliación de horario dunha traballadora municipal ata a xornada completa.

O Sr. Romero tamén está conforme coas propostas, salvo no referido á ampliación de horario, que, segundo consta no expediente, ten informe contrario de Secretaría-Intervención, polo que o seu grupo absterase na votación.

O Sr. Alcalde di que o grupo de goberno ten un informe do asesor xurídico externo, no que se di que o acordo é válido porque en aplicación do convenio xa asinado co Concello de Moeche, este aboará a diferenza de custe derivada do incremento da xornada, ademais de que ó Concello de Moeche lle sae máis barato prestar ese servizo deste xeito, polo que consideran que o acordo é legal, e o PP poderá facer o que considere oportuno ó respecto.

Sometido de seguido a votación ordinaria a aprobación das referidas modificacións no presuposto para 2016, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros presentes do BNG e o do PSOE, con dúas abstencións, dos concelleiros presentes do PP, acorda aprobar as modificacións de que se trata, ordeando a realización dos trámites precisos para a súa entrada en vigor coa brevidade posible.

CUARTO. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O PROCEDEMENTO DE REGULARIZACIÓN CATASTRAL 2013-2016 DO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS.

Dase conta da moción presentada polo portavoz do grupo do PP con data do pasado día 28/04/16, reativa á regularización catastral, que o Sr. Romero explica de seguido, dando lectura á súa parte dispositiva.

Interven o Sr. Soto, para explicar que a finalidade do proceso de regularización posto en marcha polo Estado é actualizar os valores catastrais para aproximalos algo ós prezos de mercado, que é o que a lei establece, co fin de acadar maiores recursos para os concellos. Tamén se aproveitou paa modificar a lei pola porta traseira, sen que en Galicia se enterara nadie, e someter a tributación edificacións destinadas a finalidades agrogandeiras que ata 2013 estaban exentas, moitas delas pertencentes a explotacións que xa non teñen actividade. Isto constitúe un torpedo contra a liña de flotación do sector, xa castigado por outras vías, como o baixo prezo pagado polo leite ós produtores. O goberno nacionalista de San Sadurniño opónse non á regularización, pero si á tributación destes inmobles. Neste marco, a moción do PP reproduce o acordo adoptado no Parlamento galego cos únicos votos do PP, modificando unilateralmente a proposta previamente presentada polos grupos da oposición e desvirtuando o seu contido reivindicatorio, polo que rexeitan a moción de que se trata, sobre a que formulan unha emenda á totalidade, da que seguidamente se da conta e que literalmente di o seguinte:

“A medida de regularización catastral extraordinaria á que fai referencia a moción enmarcase no afán do Goberno do PP en perseguir o incremento da recadación fiscal a través de impor o rigor a rendas medias e baixas, e ser laxo coas rendas altas. E para isto non dubidan en destinar inxentes esforzos e a facelo en tempo record, e ao tempo apenas se reforza a inspección sobre grandes patrimonios e fortunas, xa non digamos que se lexisle para que tributen dun xeito máis progresivo. Esta é a súa política fiscal, baseada na inspección e rigor fiscal cos impostos que máis afectan a traballadores/as e pequenas e medias rendas, e na total permisividade coa evasión fiscal, a ilícita (defraudadores a mantenta mesmo de actividades económicas non regulares) e a lícita ou legal (mecanismos de evasión fiscal das grandes corporacións económicas co desvío de beneficios a paraísos fiscais, enxeñaría contábel para disfrazar beneficios, etc).

Os catro primeiros puntos da moción do PP son os mesmos que inclueu o G.P do PP, mediante unha emenda á totalidade, a sendas Proposicións non de Lei de PSOE e BNG no Parlamento galego na que, utilizando a "apisonadora" da maioría do votos, impideu que saise adiante a proposta de paralización da Regularización Catastral en Galiza que pedían tanto o BNG como o PSdeG, aprobando en solitario esa emenda para tratar de confundir á opinión pública facéndolle creer que é o PP o que resolve un "problema" que eles mesmos crearon

Visto todo o anterior o Grupo municipal do BNG, propón unha emenda á totalidade da parte dispositiva da moción do PP substituindo os seus seis puntos polo seguinte:

“PUNTO UNICO. Instar ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas e á Xerencia Rexional do Catastro a que sexan receptivos e teñan en conta as consideracións feitas polo Concello de San Sadurniño na súa comunicación con data de saída de 29 de abril de 2016 de renuncia a entrar no

proceso de Regularización Catastral 2013-2016, e que polo tanto San Sadurniño non entre en ningunha das dúas Ordes de HAP que quedan neste proceso".

Di tamén o Sr. Soto que a Alcaldía remitiu ó Catastro un escrito no que se solicita que se pospoña a aplicación da regularización en San Sadurniño ata que se remate o proceso de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal xa inicialmente aprobado, para que as novas valoracións poidan axustarse ó indicado no PXOM sobre os distintos tipos de solo.

O Sr. Lourido alude tamén á proposta da que falaba o Sr. Soto, presentada por PSOE, BNG e AGE no Parlamento e unilateralmente rexeitada polo PP, indicando que a moción do PP non ten sentido e anunciando o seu voto favorable á emenda proposta polo grupo de goberno, xa que entende que non se debería abordar a regularización catastral antes de que se aprobe o PXOM.

O Sr. Romero interven brevemente para aceptar a emenda proposta polo grupo de goberno.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos nove membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Sometido seguidamente a votación a aprobación da referida emenda, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

QUINTO. APROBACIÓN DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO GALLO DA CELEBRACIÓN DO 17 DE MAIO.

Dase conta do contido da proposta de declaración institucional de que se trata, que literalmente di:

"O pasado 21 de xaneiro facíase público o 4º Informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa ao Estado español.

Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Consello de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galiza se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001,

Este concello manifesta o seu compromiso coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galiza e

INSTA á Xunta de Galiza a:

- *Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.*
- *Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alínea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da*

resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

- *Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.*
- *Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.*
- *Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.”*

O Sr. Romero di que non están de acordo con algúns dos puntos desa declaración, que lles parecen esaxerados porque entenden que tampouco se trata de obrigar a ninguén, respostándolle o Sr. Alcalde que únicamente se insta á Xunta ó cumprimento de recomendacións de institucións europeas, e que se trata de que a celebración do 17 de maio teña un carácter reivindicativo e sirva de elemento de mobilización para a defensa do uso da lingua, que se está a perder como sucede en Irlanda.

O Sr. Romero di que a súa percepción persoal é contraria, que pensa que cada vez máis xente utiliza o galego; o Sr. Alcalde resposta que todos os estudos e estatísticas din o contrario, que se perden falantes, sobre todo entre os xoves. O Sr. Soto di que non se trata dun problema de percepción, senon do plano real, que as estatísticas indican claramente unha baixada de falantes en tódolos eidos, e que non se trata de obrigar a ninguén, senon de que se cumpra a Lei 3/1983, que foi aprobada por unanimidade.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos nove membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Sometido seguidamente a votación a aprobación da referida declaración institucional a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEXTO. TOMA DE RAZÓN DA RENUNCIA DUN CONCELEIRO.

Dase conta da presentación no rexistro de documentos do Concello de escrito asinado polo concelleiro Andrés Fernández Graña, o día 12/04/16. Nese escrito, o Sr. Fernández Graña formalizaba a renuncia voluntaria ó cargo que ocupa neste Concello desde que tomou posesión do cargo de Concelleiro o día 18/06/15, tras las eleccións de maio de 2015. A renuncia non será efectiva ata o seu sometemento ó Pleno do Concello, é decir, ata a data de hoxe.

En cumprimento do indicado nos artigos 9.4 do Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aprueba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, a Corporación queda enterada e toma coñecemento da renuncia ó cargo de Concelleiro deste Concello de San Sadurniño que realiza Andrés Fernández Graña, e dispón que se comunique este

acordo á Xunta Electoral Central para que remita as credenciais de María Belén Trigo Meizoso, seguinte na lista das persoas que concorreron ás últimas eleccións municipais polo Partido Popular, para que poida tomar posesión do seu cargo coa brevidade posible.

SÉTIMO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Romero pregunta polas razóns de que un funcionario municipal estea prestando os seus servizos na Deputación Provincial, polas razóns e polos custes desa decisión.

O Sr. Alcalde resposta que ese funcionario está a realizar os traballos necesarios para o peche da contabilidade e a liquidación de 2015, recibindo asistencia dos servizos da Deputación a tal finalidade, segundo o proposto nun informe de Secretaría-Intervención, e que os custes de desprazamentos correrán a cargo do Concello.

O Sr. Romero pregunta porqué o prego para a contratación do mantemento de intalacións eléctricas municipais foi encargado externamente e non se fixo no Concello como noutras ocasións.

O Sr. Alcalde resposta que, ademais da forte carga de traballo que pesa sobre a Secretaría-Intervención, para a redacción do prego técnico desa contratación eran precisos uns coñecementos técnicos que non se correponden coa titulación de ningunha persoa da plantilla do Concello, polo que foi preciso acudir a un técnico externo.

O Sr. Romero pregunta polo expediente de modificación de créditos nº 01/2016, aprobado nun pleno anterior, particularmente se foi presentada fora do prazo da convocatoria a solicitude de subvención con cargo á que se proxectaba realizar as obras obxecto dese expediente.

O Sr. Alcalde di que hai uns quince días un técnico da Xunta visitou os camiños co concelleiro de obras para facer a acta previa ó inicio das obras comprendidas nesa subvención, e que hai que ler a lei de procedemento para saber cales son os procedementos para a presentación de solicitudes deste tipo.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e oito minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,